



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/02

Trámite Acta.- Acta de sesión

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Excusa a súa asistencia
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos.

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 25.01.2023 (2023-0001) E 14.02.2023 (2023-0002).- Iníciase este punto da orde do día pola secretaria dando conta da existencia dun erro material na acta da sesión extraordinaria urxente realizada con data 14.02.2023 segundo proposta do Concelleiro Delegado de Obras, Servizos e Medioambiente de 16.02.2023.

A continuación o Alcalde conforme ao indicado 98.2º do Real Decreto 2568/1988, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais explica os termos nos que se desenvolverá a votación:

- Sométese a votación en primeiro lugar a acta da sesión ordinaria realizada con data 25.01.2023. Non formulándose obxección ningunha, de conformidade co establecido no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1988, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e polo voto favorable dos doce concelleiros/as presentes sendo trece o seu número legal de membros, o Pleno aprobou a acta da sesión ordinaria correspondente co mes de xaneiro de 2023.
- De seguido e coa proposta de emenda de erro material subscrita polo Concelleiro Delegado de Obras, Servizos e Medioambiente de 16.02.2023 nos termos do artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1988, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por dez votos a favor dos concelleiros/as presentes e a abstención dos concelleiros Ignacio Fernández Fernández e María Dolores González Lorenzo non presentes na sesión extraordinaria urxente, o Pleno prestou aprobación a acta da extraordinaria urxente realizada con data 14.02.2023 co texto que se transcribe de seguido:

“Advertida a existencia dun erro material no acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 14.02.2023 sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concello) POS+ 2023, ao non transcribir correctamente o investimento incluído na achega do 2022 ao cadro resumo, así onde dí:

“...

D) Resumo:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

		Concello				
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	24.952,08 €	2.993,01 €	95.100,78 €	321.037,81 €

Debe dicir:

“ ...

D) Resumo:

		Concello				
POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	92.107,77 €	2.993,01 €	95.100,78 €	321.037,81 €

De conformidade co exposto no artigo 109 parágrafo segundo da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, **PROPOÑO:**

1.- Proceder a enmedar o erro material existente no apartado D. Cadro resumo no acordo do Pleno da Corporación de data 14.02.2023 sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concellos) POS+ 2023 quedando polo tanto o acordo redactado como segue:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MELLORA DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DE TRAMO DA RÚA DO CRISTO NO SEU ENCONTRO COA AC-131	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO, O VILAR E MONTEFARO	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D) Resumo:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	92.107,77 €	2.993,01 €	95.100,78 €	321.037,81 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS, ROIBEIRAS E SIMOU	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €
TOTAIS	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 82/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP PARA A SELECCIÓN DE POLICÍAS LOCAIS, VIXIANTES E AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica número 82/2023 no que consta informe preceptivo de secretaría de 17.01.2023; proposta do concelleiro delegado de Persoal Facenda, e Participación cidadá de 17.01.2023, elevada á consideración da Comisión Informativa de Persoal, Facenda e Participación cidadá en sesión ordinaria realizada con data 02.02.2023 no que e emite o seguinte ditame:

“ ...





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sométese a votación a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de aprobación da prórroga do Convenio de Colaboración coa AGASP para a selección de policía locais, vixiantes e auxiliares de policía local, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 82/2023, e a comisión informativa por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar Academia Galega de Seguridade Pública a tramitación da prórroga do convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas de auxiliares de policía local entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e este Concello asinado o día 08/04/2019, segundo Addenda que se une como anexo á presente proposta.

Segundo.- Designar como representantes na Comisión de Seguimento ao Alcalde e á persoa titular da concellería delegada de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

...”.

Tras a lectura do ditame pola secretaria, o Alcalde toma a palabra para explicar o sentido do trámite.

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos doce concelleiros/as presentes sendo este o seu número legal de membros, o Pleno ao abeiro do indicado nos artigos 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Solicitar Academia Galega de Seguridade Pública a tramitación da prórroga do convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas de auxiliares de policía local entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e este Concello asinado o día 08/04/2019, segundo Addenda que se une como anexo á presente proposta.

Segundo.- Designar como representantes na Comisión de Seguimento ao Alcalde e á persoa titular da concellería delegada de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 193/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NON INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO/A. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica número 193/2023 no que consta entre outra documentación, informe de secretaría de 25.01.2023; proposta de alcaldía de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

26.01.2023 e ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación cidadá en sesión ordinaria realizada con data 02.02.2023:

“... ”

2.- Expediente 193/2023. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de non iniciación do expediente de elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto/a.

Sométese a votación a proposta da Alcaldía de non iniciación do expediente de elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto/a, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 193/2023, e a comisión informativa por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG), e 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Non iniciar expedientes de elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto/a e, en consecuencia, non elixir ningunha persoa para o desempeño dos cargos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Tras a lectura do debate, o Alcalde toma a palabra para explicar a finalidade do trámite para os efectos de que sexa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o que proceda á elección, en igualdade de condicións para todas aquelas persoas que reunindo os requisitos así o soliciten.

Rematado o debate, en votación ordinaria por oito votos a favor (4 PP+3 PSdG-PSOE e 1 BNG) e catro votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN), o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primero.- Non iniciar expedientes de elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto/a e, en consecuencia, non elixir ningunha persoa para o desempeño dos cargos.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

4º.- DEPORTE.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 515/2022, no que consta entre outra documentación informe preceptivo de secretaría de 16.02.2022; proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes de 30.01.2023 ditamidada favorablemente pola Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes en sesión realizada con data 02.02.2023:

“PROPOSTA

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización y Sostibilidade da Administración Local establece que “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que





Concello de Mugardos
(A Coruña)

contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

O mesmo artigo no seu apartado 2.1) establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias : 1) Promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre.

Non considerando viable a mediante a aplicación doutras fórmulas asociativas, o 22 de marzo de 2006 foi asinado no Concello de Mugardos o Convenio de Colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos para o desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do complexo deportivo O Castro.

Rematada a vixencia do devandito Convenio e non habendo sido obxecto de prórroga á vista da Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, cumpridos os obxetivos de adquisición conxunta dos terreos, executada a mesma con cargo á programación marco de investimentos provinciais 2005-2006 da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, así como os compromisos económicos pactados; procede realizar un novo Convenio adaptado ás prescricións da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, tomando como punto de referencia a habilitación contemplada no artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público que contempla de xeito expreso, sistemas de cooperación horizontal entre diferentes entidades pertencentes ao sector público sempre que se cumpran os requisitos e límites establecidos no artigo 6.1º da indica Lei e que en todo caso concorren no presente ámbito: entidades sen vocación de mercado e finalidade cooperativa para o cumprimento de obxectivos de interese público común vinculados á promoción do deporte e instalacións deportivas de uso público; a saúde colectiva; calidade do tempo de ocio e esparcemento, a eficiencia e mellora do comportamento enerxético dos equipamentos de titularidade pública e a fixación de poboación no territorio.

Os obxectivos que neste periodo de referencia presentan un claro carácter transversal máis alá dos estritamente vinculados ao eido deportivo:

- Acometer obras consolidación do muro circundante que presenta deficiencias no seu estado de conservación.
- Á dotación de medios materiais que teñen quedado obsoletos ou esgotados na súa vida útil, en función da intensidade do uso tras o aumento significativo das persoas usuarias.
- A ampliación da superficie de usos deportivos asociados mediante a adquisición de dúas parcelas colindantes, adecuando o planeamento urbanístico ás novas necesidades. Esta ampliación intentará dar satisfacción ás novas demandas que a veciñanza ven manifestando en orde á buscar solucións deportivas que reporten un beneficio integral na súa saúde e aplicación do tempo de ocio e esparcemento.
- A realización de actuacións ordinarias e de inversión que garantan o mantemento e conservación das instalacións nun óptimo estado en todo momento e a súa vida útil, absorvendo as posibles deficiencias que presente na actualidade, en función do tempo transcorrido tras a súa posta en servizo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- A adecuación das instalacións para acoller melloras no seu comportamento enerxético e sostenibilidade orientada á redución de custes e na senda dos propios obxectivos marcados pola Axenda 2030.
- O estudo e preparación da documentación contractual necesaria para levar a cabo unha nova licitación que integre todas as esixencias da normativa contractual aplicable, inversións a acometer e no seu caso, necesidade de proceder á reinternalización do servizo, e de xeito simultáneo aprobación das derradeiras contas de explotación da actual concesionaria e liquidación do contrato.
- Potenciar a ventaxa competitiva que como territorio presenta o complexo acuático na fixación de poboación e en xeral, aumento da calidade de vida da veciñanza en ambos concellose o seu grao de satisfacción na prestación dos seus servizos públicos.

Polo que tendo en conta os obxectivos acadados e a necesidade de dar continuidade á prestación conxunta dun servizo en termos de calidade e que teña en conta as demandas veciñais máis en termos de eficiencia e eficacia que poña en valor a colaboración entre AAPP, en exercicio das facultades delegadas mediante RA 1110/2020, de 17.12.2020, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; artigo 10, 22, 25.2º, 54 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 1elévase á consideración do Pleno, previo ditame da Comisión informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes, a seguinte **PROPOSTA:**

Primeiro.- Prestar aprobación ao borrador de Convenio de colaboración entre os concellos de Ares e Mugardos para a xestión do complexo acuático de O Castro e anexo I Memoria-Programa:

“PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”

REUNIDOS

Dunha parte D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio por acordo de

Doutra parte, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio por acordo o Pleno da Corporación adoptado o día





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En base ás disposicións legais que habilitan a celebración do convenio, así como as competencias respectivas en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre segundo o artigo 25.2.1) da Lei Reguladora das Bases do Réxime local de 2 de abril de 1985 segundo redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local e a tipoloxía do convenio entre os previstos no artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas; e a necesidade e oportunidade de celebrar un convenio, como un acordo entre as partes para consecución dun fin común de interese xeral.

Os intervincentes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización y Sostibilidade da Administración Local establece que “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal nos términos previstos neste artigo”.

O mesmo artigo no seu apartado 2.1) establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias : 1) Promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre.

SEGUNDO.- Que é de interese dos Concellos asinantes promover accións que favorezcan a interrelación deportiva hacia a promoción do deporte, plantexando a promoción de políticas municipais deportivas e integrais dirixidas ós cidadáns dos municipios de Ares e Mugardos e encaminadas ó obxectivo común de contribuír á promoción deportiva e de ocupación do tempo libre.

TERCEIRO.- Que para o desenvolvemento do presente convenio teránse en conta os intereses dos veciños dos municipios asinantes de Ares e Mugardos á vista dos seguintes antecedentes :

I.- O 22 de marzo de 2006 foi asinado no Concello de Mugardos o Convenio de Colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos para o desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do complexo deportivo O Castro tomando como base normativa :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia (Hoxe derogada pola Lei 3/2012, do 21 de abril, do deporte de Galicia).

II.- Dito convenio tiña unha vixencia de quince anos, poidendo ser obxecto de prorrogación de mutuo acordo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

III.- Rematada a vixencia do devandito Convenio e non habendo sido obxecto de prórroga á vista da Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, cumpridos os obxetivos de adquisición conxunta dos terreos, executada a mesma con cargo á programación marco de investimentos provinciais 2005-2006 da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, así como os compromisos económicos pactados; procede realizar un novo Convenio adaptado ás prescricións da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer o contido, condicións de desenrolo e colaboración das Entidades Locais de Ares e Mugardos na consecución dos seguintes fines :

1. Promover accións que favorezan a promoción deportiva e ocupación do tempo libre nos Concellos de Ares e Mugardos, primordialmente deportivas.
2. Impulsar políticas deportivas específicas que aborden as necesidades dos seus vecinos, en especial as deportivas.
3. A xestión do servizo e instalacións adscritas ao mesmo, segundo os obxetivos que se describen na Cláusula segunda e no Anexo I Memoria-Programa, sen prexuízo da tramitación das addendas que durante a súa vixencia sexan así necesarias.

Segunda.- Cooperación horizontal.

Perante a inviabilidade mediante a fórmula dun consorcio, sociedade, mancomunidade, etc para a xestión do complexo deportivo O Castro, as partes acordan xestionar a súa explotación a través do presente convenio de colaboración e a tal efecto establecen que a xestión do complexo acuático seguirá sendo efectuada polo Concello de Mugardos de acordo co sistema de xestión que, de mutuo acordo, se decida empregar, xa sexa éste directo ou indirecto.

Terceira.- Compromisos.

Os gastos de xestión e funcionamento do complexo deportivo O Castro serán sufragados polos Concellos asinantes ao cincuenta por cento (50%).

A tal efecto o Concello de Mugardos, con independencia da tarifa (taxa ou prezo público) que se establezca de mutuo acordo polos Concellos asinantes, efectuará unha liquidación anual ao Concello de Ares, que unha vez aprobada pola Comisión de seguimento, serálle notificada a dito concello, o cal comprometése a ingresa-la dentro dos trinta días seguintes á súa notificación.

A demora no abono rexirase pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O incumprimento de transferir ao Concello de Mugardos as cotas/debédas dentro dos prazos estipulados suporá a abriga automática de transferir ao Concello de Mugardos os intereses de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Mugardos por mor do dita incumprimento.

Se unha das partes asinantes incumprise algún dos compromisos asumidos no presente convenio, xa sexa por demora na realización do compromiso ou pola realización incompleta ou defectuosa, será requirido motivadamente pola outra parte para que emende o incumprimento.

De persistir o incumprimento transcorridos seis meses dende a data do requirimento, o requirinte poderá interpor recurso contencioso-administrativo, de conformidade co establecido no art. 29.1º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Os apartados anteriores da presente cláusula aplicarase sen prexuízo do establecido na Cláusula sétima que contempla como causa de resolución a persistencia no incumprimento dos compromisos”.

Cuarta.- Vixencia.

O presente Convenio nos termos do artigo 49.h) números 1º terá unha duración de catro anos.

Non obstante e de conformidade no apartado 2º do indicado artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de xeito motivado e con carácter previo á expiración do prazo inicial de vixencia, a petición de calquera das partes poderase prorrogar a súa vixencia por unha prórroga de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Quinta.- Comisión de seguimento.

O presente Convenio de colaboración será obxecto de seguimento e control, así como para aclarar dúbidas, lagoas ou vacíos sobre a súa interpretación mediante unha comisión de seguimento integrada do seguinte xeito :

- O alcalde/sa de cada un dos concellos integrantes ou concelleiro/a en quen delegue, quenes acudiran ás reunións da comisión asistidos por un técnico do seu respectivo concello así como as persoas titulares dos postos de secretaría de ambos municipios.
- Un/ha concelleiro/a responsable da área de deportes por cada un dos Concellos.
- Presidirá a devandita Comisión o alcalde do Concello de Mugardos ou concelleiro en quen delegue.

A Comisión reuniráse cunha periodicidade semestral, así como cando o solicite un dos alcaldes/sas, un tercio dos restantes membros ou o acorde o seu presidente.

Os acordos adoptaránse por maioría simple dos asistentes, sendo o quorúm mínimo de asistencia un tercio e en todo caso tres membros. Os empates serán dirimidos polo Presidente co seu voto de calidade.

A Comisión de seguimento terá as seguintes funcións :

- Aprobar a liquidación anual.
- Proponer a aplicación de tarifas aos concellos pola prestación do servizo do complexo deportivo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Propoñer ao Concello de Mugardos a forma de xestión ou cambio da mesma.
- Propoñer as modificacións que procedan do regulamento do funcionamento e uso das instalacións.

Cuarta.- O presente convenio extingúirase por mutuo acordo das partes, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo suscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación sustancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

A novación subxetiva do convenio, consistente na entrada de novos municipios no seu ámbito, requirirá acordo da comisión de seguimento, que establecerá a proporción do custo dos terreos que corresponda ao novo municipio, así como os gastos de explotación que lle corresponderá asumir.

Extinguido o convenio polo cumprimento do seu prazo de vixencia ou por mutuo acordo, procederáse pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a fórmula de reparto ou transmisión da propiedade do terreo e das instalacións existentes así como equipos e bens móbiles.

Quinta.- Natureza administrativa.

O presente convenio ten carácter administrativo, enmarcase e amparase no ámbito das relacións interadministrativas e de cooperación previstas no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; nos artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Xurisdicción competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Sétima.- Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) A expiración do prazo de vixencia.
- b) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa eliminación.
- c) Incumprimento das partes, mediante a denuncia da outra. Nestes supostos, establecerase, en función da causa concreta e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de remate das mesmas, con indemnización dos danos e prexuízos causados, conforme ás regras marcadas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público para os casos de responsabilidade patrimonial





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- das Administracións Públicas, ou de forma motiva de calquera outra forma máis adecuada conforme a dereito.
- d) O mutuo acordo.
 - e) Calquera outra das previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento”.

Segundo.- Facultar ao alcalde para a súa sinatura de forma conxunta co concello de Ares.

Terceiro.- Unha vez asinado levar a cabo a súa publicación no Portal de Transparencia.”.

Debate:
Primeira quenda de intervencións:

Alcalde. Explica a todas as persoas asistentes a finalidade do trámite que permite a xestión en común entre os concellos de Ares e Mugardos, do complexo acuático de O Castro.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Coemza a súa intervención adiantando o voto a favor do seu grupo. Aínda que con retraso o convenio ten moita importancia máis lembra a necesidade de aprobar a contas de explotación e efectuar a correspondente liquidación ao concello de Ares.

Rematado o debate, en votación ordinaria por oito votos a favor (4 PP+3 PSdG-PSOE +1 BNG) e catro abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), o Pleno, ao abeiro do indicado nos artigos 22, 47, 54 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar conformidade á proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes de 30.01.2023 ditamada favorablemente pola Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes en sesión realizada con data 02.02.2023, nos seus propios termos, e así aprobar o borrador de Convenio de colaboración entre os concellos de Ares e Mugardos para a xestión do complexo acuático de O Castro e anexo I Memoria-Programa transcrito.

Segundo.- Facultar ao alcalde para a súa sinatura de forma conxunta co concello de Ares.

Terceiro.- Unha vez asinado levar a cabo a súa publicación no Portal de Transparencia

5º.- SECRETARÍA.- EXPTE. 1939/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO “CONVENIO CON LA





Concello de Mugardos
(A Coruña)

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS, PARA LA PUESTA EN MARCHA DE UN PROYECTO DE ACERCAMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN A LA CIUDADANÍA DEL MUNDO RURAL". Elévase á consideración do Pleno proposta de adhesión asinada polo concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs de 13.02.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación cidadá en sesión ordinaria realizada con data 02.02.2023:

"...

4.- Expte. 1939/2021. Aprobación, se procede, da Proposta de acordo de adhesión ao "Convenio con la Federación Española de Municipios y Provincias, para la puesta en marcha de un proyecto de acercamiento de la administración a la ciudadanía del mundo rural".

Sométese a votación a Proposta de acordo de adhesión ao "Convenio con la Federación Española de Municipios y Provincias, para la puesta en marcha de un proyecto de acercamiento de la administración a la ciudadanía del mundo rural", que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1939/2021, e a comisión informativa por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación á adhesión ao Convenio para a posta en marcha dun proxecto de acercamento da administración á cidadanía do mundo rural asinado ente Dirección General de la Administración General del Estado en el Territorio e a Federación Española de Municipios y Provincias (BOE nº 285 de 28.11.2022), aceptando de xeito incondicionado o seu clausulado en tanto lle sexa de aplicación.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da solicitude de adhesión."

Inicia o exame deste unto da orde do día o Alcalde e explica o obxecto da proposta que persegue unha finalidade común para ambas Administracións Públicas así como dos principais antecedentes de feito do expediente.

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria por doce votos a favor sendo trece o número legal total de membros, o Pleno, ao abeiro do indicado nos artigos 142 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 54 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar aprobación á adhesión ao Convenio para a posta en marcha dun proxecto de acercamento da administración á cidadanía do mundo rural asinado ente Dirección General de la Administración General del Estado en el Territorio e a Federación Española de Municipios y Provincias (BOE nº 285 de 28.11.2022), aceptando de xeito incondicionado o seu clausulado en tanto lle sexa de aplicación.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da solicitude de adhesión.

6º.- INTERVENCIÓN.- EXPTE. 220/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 01/2023, DE CRÉDITOS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona número 220/2023 no que consta o seguinte ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá con data 16.02.2023:

“ ...

2.- Expte. 220/2023. Aprobación, se procede, da modificación orzamentaria MC 01/2023, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

[...]

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta de aprobación da modificación orzamentaria MC 01/2023, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 220/2023, e a comisión informativa por 5 votos a favor (5 PP) e 8 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

1.- Aprobación inicialmente do expediente de modificación de créditos **MC 01/2023**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo, por importe de **75.025,54 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordina rio	Crédito s finais
	Pro g.	Económi ca				
	150	60000	Adquisición de parcela en Rúa Apelón 34 (0422008NJ6102S0001 YE).	0	10.000,00	10.000,00
20234BARCO1	171	60900	Transporte e Obra de acondicionamento de zona verde na Fonte Grande para colocación de embarcación.	0	7.500,00	7.500,00
20232PARQU1	171	61900	Reparación e mantemento de parques infantís do concello de Mugardos.	0	10.000,00	10.000,00
	171	62500	Suministro de bancos.	0	6.050,00	6.050,00





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	342	62100	Adquisición de parcelas colindantes ao complexo acuático do castro.	0	24.675,54	24.675,54
	920	15000	Productividade funcionarios	0	3.000,00	3.000,00
			TOTAL	0	61.225,54	

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (aplicación dotadas insuficientemente no orzamento)

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Suplemento de Crédito	Créditos finais
	Progr.	Económica				
	135	48900	Convenio agrupación de voluntarios de protección civil	2.500,00	7.500,00	10.000,00
	341	22799	Curso de formación de uso desfibriladores DESA.	59.500,00	4.900,00	64.400,00
	341	62900	Suministro mesa e material ping pong (palas e pelotas) e outro material deportivo (bandas elásticas, musculación...) de escolas deportivas	500,00	1.400,00	1.900,00
			TOTAL		13.800,00	

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.
- C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións





Concello de Mugardos
(A Coruña)

susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **75.025,54 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	132/13100	24.618,10	24.618,10	0	A petición da Policía Local se nos trasladou que non haberá necesidade de contratar auxiliares neste exercicio.
	132/16000	54.189,84	9.005,46	45.184,38	A petición da Policía Local se nos trasladou que non haberá necesidade de contratar auxiliares neste exercicio.
	150/22706	89.650,00	38.401,98	51.248,02	Non será necesaria o uso da totalidade da dotación orzamentaria do PXOM para iniciar os trámites de redacción do mesmo.
	920/12001	10.811,27	3.000,00	7.811,27	Non está previsto a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas
TOTAL			75.025,54		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.”

Debate:
Primeira quenda de intervencións:

Alcalde. Explica o sentido e finalidades da modificación de crédito en función do contido da Memoria que obra no expediente.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Adianta o voto a favor do seu grupo. Non obstante quere deixar constancia da falta de transparencia coomo a falta de información sobre proxectos nas Comisións Informativas como acontece no caso da adquisición dos terreos en Apelón, a adquisición dunha embarcación ou a reparación de parques infantís. O propio concelleiro de Obras e Servizos non vai ás Comisións. E no mesmo sentido a dotación de crédito para pago de produtividade aos /as empregados públicos municipais. E solicita aclaración sobre qué parte das actuacións nos parques infantís financiará a Xunta de Galicia xa que non se sabe se xa é indiferente contar coa modificación de crédito.

Debate:
Segunda quenda de intervencións:

Alcalde. Quere aclarar o manifestado sobe a ausencia de transparencia. O proxecto dos parques infantís ten unha achega do concello ea modificación de crédito que se está debatir ten dito obxecto. En canto á produtividade se trata dun punto de partida cara a unha regulación polo Pleno que forma que se podan retribuir situacións que xa existen. E remitíronse por correo electrónico os criterios xerais que se seguirán en tal ordenación. E trae lo deberá debatirse e aprobarse. E en canto aso parques infantís todos están de acordó en que hai que mellorar o seu estado e a prezos superiores que antes da COVID-19.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. A anterior intervención respecto dos parques infantís ven motivada pola petición dunha subvención con tal finalidade á Xunta de Galicia.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Jorge Manuel Kuntz Peiteado.- Solicita o uso da palabra para aclarar en canto á falta de transparencia que xa se deu conta da listaxe de obras na Comisión Informativa do 05.01.2023, reiterándose o 14.02.2023. Lembra que él non ten por que ir ás Comisións. E indica que a proia proposta de solicitude da axuda xa indica que se dará conta á Comisión Informativa.

José Ángel Martínez Bardanca. Por alusións. O concelleiro delegado de Obras e Servizos non acude ás Comisións dende o mes de novembro de 2022 e á data de hoxe non se falou todavía das obras. Considera que non é necesario xenerar tanta tensión cando están en minoría e dependen de apoios, polo que insta a que as cousas se falen previamente nas Comisións.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por once votos a favor (4 PP+4 EU-SON EN COMÚN+3 PSdG-PSOE) e unha abstención (1 BNG), o Pleno prestou aprobación ao seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 01/2023**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos , financiados con cargo , por importe de **75.025,54 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

A) CRÉDITOS EXTRAODINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Crédit os iniciais	Crédito extraordina rio	Crédito s finais
	Pro g.	Económi ca				
	150	60000	Adquisición de parcela en Rúa Apelón 34 (0422008NJ6102S0001 YE).	0	10.000,00	10.000,00
20234BARCO1	171	60900	Transporte e Obra de acondicionamento de zona verde na Fonte Grande para colocación de embarcación.	0	7.500,00	7.500,00
20232PARQU1	171	61900	Reparación e mantemento de parques infantís do concello de Mugardos.	0	10.000,00	10.000,00
	171	62500	Suministro de bancos.	0	6.050,00	6.050,00





Concello de Mugardos
(A Coruña)

						0
	342	62100	Adquisición de parcelas colindantes ao complexo acuático do castro.	0	24.675,54	24.675,54
	920	15000	Productividade funcionarios	0	3.000,00	3.000,00
			TOTAL	0	61.225,54	

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (aplicación dotadas insuficientemente no orzamento)

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Suplemento de Crédito	Créditos finais
	Progr.	Económica				
	135	48900	Convenio agrupación de voluntarios de protección civil	2.500,00	7.500,00	10.000,00
	341	22799	Curso de formación de uso desfibriladores DESA.	59.500,00	4.900,00	64.400,00
	341	62900	Suministro mesa e material ping pong (palas e pelotas) e outro material deportivo (bandas elásticas, musculación...) de escolas deportivas	500,00	1.400,00	1.900,00
			TOTAL		13.800,00	

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.
- C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións





Concello de Mugardos
(A Coruña)

susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **75.025,54 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	132/13100	24.618,10	24.618,10	0	A petición da Policía Local se nos trasladou que non haberá necesidade de contratar auxiliares neste exercicio.
	132/16000	54.189,84	9.005,46	45.184,38	A petición da Policía Local se nos trasladou que non haberá necesidade de contratar auxiliares neste exercicio.
	150/22706	89.650,00	38.401,98	51.248,02	Non será necesaria o uso da totalidade da dotación orzamentaria do PXOM para iniciar os trámites de redacción do mesmo.
	920/12001	10.811,27	3.000,00	7.811,27	Non está previsto a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas
TOTAL			75.025,54		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Segundo.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

7º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 219/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2023. Consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 219/2023, ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación cidadá en data 16.02.2023:

“ ...

3.- Expte. 219/2023. Aprobación, se procede, da modificación das bases de execución do orzamento MBEO 01/2023.

[...]

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta de aprobación da modificación das bases de execución do orzamento MBEO 01/2023, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 219/2023, e a comisión informativa por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG), e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Base de Execución do Orzamento Xeral nº69, modificando os apartados 11.1º, 11.2º e 11.3º e engadindo un novo apartado, o 11.4º, nos seguintes termos:

- Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.1º, que pasa a ter a seguinte redacción:

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.2º, que pasa a ter a seguinte redacción:

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE
-----	--------------------	---------





Concello de Mugardos
(A Coruña)

		MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.3º, que pasa a ter a seguinte redacción:

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 30.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €
G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €

-Engadese ao texto da Base 69ª, un novo apartado 11.4º, que terá a seguinte redacción:

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	Clube Pulpeiros Mugardos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

2º) Que a seguinte subvención quedará condicionada á entrada en vigor da aprobación do expediente de modificación orzamentaria MC01/2023 , de créditos extraordinarios e suplementos de créditos:

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo do apartado 11 da Base 69ª de Execución do Orzamento, quedaría redactada do seguinte xeito:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

11. Relación de subvencións nominativas.

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 30.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €
G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	Clube Pulpeiros Mugardos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o





Concello de Mugardos
(A Coruña)

día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, neste caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

A continuación o Alcalde explica o sentido da modificación.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno en votación ordinaria e polo voto favorable dos doce concelleiros presentes, sendo trece o seu número legal de membros, acordou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Base de Execución do Orzamento Xeral nº69, modificando os apartados 11.1º, 11.2º e 11.3º e engadindo un novo apartado, o 11.4º, nos seguintes termos:

- Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.1º, que pasa a ter a seguinte redacción:

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.2º, que pasa a ter a seguinte redacción:

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.3º, que pasa a ter a seguinte redacción:

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 30.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €

-Engadese ao texto da Base 69ª, un novo apartado 11.4º, que terá a seguinte redacción:

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	Clube Pulpeiros Mugardos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

2º) Que a seguinte subvención quedará condicionada á entrada en vigor da aprobación do expediente de modificación orzamentaria MC01/2023 , de créditos extraordinarios e suplementos de créditos:

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo do apartado 11 da Base 69ª de Execución do Orzamento, quedaría redactada do seguinte xeito:

11. Relación de subvencións nominativas.

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 10.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	10.000,00

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 30.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €
G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	Clube Pulpeiros Mugardos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

Terceiro.- Que se expoña ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, neste caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

8.- URBANISMO.- EXPTE. 2526/2022. DENUNCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE HACIENDA (DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO) E O CONCELLO DE MUGARDOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. Consta no expediente





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade en sesión realizada con data 16.02.2022:

“EXPEDIENTE 2526/2022. DENUNCIA DO CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO (ANO 2001).

Con data 18 de maio de 2001 asinouse convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o concello de Mugardos de colaboración en materia de xestión catastral.

Non obstante a evolución experimentada polos medios técnicos e humanos cos que conta na actualidade o Catastro Inmobiliario e considerando que asunción da tramitación das altas permitirá acadar unha maior eficiencia na xestión pública, con data 08.11.2022, número rexistro de entrada 2022-E-RC-5036, recíbese comunicación da Gerencia Territorial del Catastro Inmobiliario pola que se da conta da oportunidade de poder proceder a denunciar a vixencia do convenio. Dito escrito ven precedido da realización de sesión telemática na que dende o Catastro indicouse que o concello podería seguir a contar un punto de información catastral e adhesión ao sistema de comunicacións previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Elo implicará a asunción dos traballos de alta polo Catastro previos os traballos de comprobación técnica, petición de información ao concello e elaboración de documento de alta.

Consta no expediente, preceptivo informe de secretaría.

Polo que en exercicio das competencias que corresponden a esta Alcaldía segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por medio da presente, conforme ao artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e 54 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, por medio da presente, elévase á consideración do Pleno, previo ditame a emitir pola Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á denuncia do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o concello de Mugardos de colaboración en materia de xestión catastral.

Segundo.- Solicitar a alta do concello de Mugardos no plan de comunicacións para o exercicio 2023, con mantemento do punto de información catastral.

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria, e en aplicación do voto ponderado por 5 votos a favor (5 PP) e 8 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), a Comisión Informativa, acorda ditaminar favorablemente a denuncia do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o concello de Mugardos de colaboración en materia de xestión catastral, en atención ás consideracións realizadas e sinaladas na proposta da Alcaldía de data 13.02.2023.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria, e en aplicación do voto ponderado por 5 votos a favor (5 PP) e 8 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), a Comisión Informativa, acorda ditaminar favorablemente a denuncia do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o concello de Mugardos de colaboración en materia de xestión catastral, en atención ás consideracións realizadas e sinaladas na proposta da Alcaldía de data 13.02.2023. ”

Inicia o exame deste punto da orde do día o Alcalde para explicar o sentido do expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade, seguindo as recomendacións da Gerencia para dotar de maior axilidade aos expedientes.

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria e por oito votos a favor (4 PP+3 PSdG-PSOE e 1 BNG) e catro abstencións (EU-SON EN COMÚN), o Pleno, conforme ao artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e 54 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar aprobación á denuncia do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) e o concello de Mugardos de colaboración en materia de xestión catastral.

Segundo.- Solicitar a alta do concello de Mugardos no plan de comunicacións para o exercicio 2023, con mantemento do punto de información catastral.

9º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

9.1.-CONTRATACIÓN.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 2023-0153 APROBACIÓN PROXECTO “REPARACIÓN Y MANTENIMIENTO DE PARQUES INFANTILES DEL CONCELLO DE MUGARDOS”, EXPEDIENTE 225/2023 .-Ao abeiro do establecido no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28, de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde somete á consideración do Pleno por razóns de urxencia, a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 2023-0153 de 20.02.2023 ditada no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 225/2023.

O alcalde dá uso da palabra á secretaria quen explica que non tendo cobertura orzamentaria no Presuposto xeral municipal para o exercicio 2022, prorrogado para o ano 2023, a aprobación do proxecto non corresponde ao órgano de contratación se non ao Pleno. Non obstante, elevouse á consideración do Alcalde por rematar o prazo de presentación de solicitudes o propio 20.02.2023.

Sometido a votación ordinaria, polo voto favorable dos doce membros, presentes sendo trece o número legal de concelleiros/as da corporación, o Pleno ratificou a urxencia da inclusión do asunto na orde do día.

A continuación o Alcalde procede a dar lectura os pronunciamentos da Resolución que responde ao seguinte texto:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“ ...

Con data 17 de febreiro de 2023 procedíase a ditar a Resolución nº 2023-0148 ao abeiro da orde da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de 29 de decembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A) publicada no DOG núm. 13 de data 19 de xaneiro de 2023.

Na mesma dábase conta Tendo en conta os antecedentes que constan no expediente; certificado do Libro Inventario de Bens de 14.12.2022; informes técnicos municipais de data 13.01.2023 e de 03.02.2023 relativos á viabilidade urbanística das actuacións incluídas no proxecto Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos, redactado polo enxeñeiro de obras públicas Manuel Xácome Mariño Valencia con data 26.01.2023; acta de reformulo previa asinada polo mesmo técnico con data 23 de xaneiro de 2023 e de secretaría de 18.02.2023.

Na mesma dábase conta da redacción do proxecto técnico ““Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos”, redactado polo enxeñeiro de obras públicas, Manuel Xácome Mariño Valencia (número colexiado 25174), asinado con data 25 de xaneiro de 2023.

Constan emitidos informes da arquitecta técnica municipal de 13 de xaneiro de 2023 e 3 de febreiro de 2023 así como informe de secretaría de 17 de febreiro de 2023. Nos mesmos dáse conta da aptitude urbanística das obras, autorizacións sectoriais a solicitar e as outorgadas ate o momento, sendo recibida por parte da Subdelegación do Goberno en A Coruña, área de Industria e Enerxía, número rexistro de entrada 2023-E-RC-711, o trámite formal de autorización tras ter sido prestar da a conformidade polo concello ao condicionado técnico por afección ao Afección a gasoducto de REGANOSA (MAG)

Considerando a partir do sinalado nos indicados informes que as obras a executar son de mera conservación e mantemento, constando para os efectos establecidos no artigo 144 e 147 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, coas autorizacións sectoriais preceptivas restando a confirmación da que corresponde emitir a Augas de Galicia en función das previamente autorizadas con motivo da execución das obras “MELLORA MEDIOAMBIENTAL NA ÁREA DE ROIBEIRAS”, con data 27.09.2018, na mesma parcela 15052A024002400000MQ, prestouse aprobación á solicitude de axuda á VicepresidenciaSegundaeConselleríadePresidencia,XustizaeDeportes una subvención para o proxecto titulado “Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos” por importe co seguinte detalle:

PROXECTO	Importe sen IVE	Importe con IVE	Subvención solicitada(80%)
Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos	39928,98€	47104,07 €	37683,26 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Do mesmo e entre outros pronunciamentos prestábase aprobación ao proxecto “Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos” por importe de corenta e sete mil cento catro euros con sete céntimos (47.104,07 €).

Non obstante e por erro involuntario, non se contemplou na indicada resolución xunto a avogación de competencias realizada a favor da concellería de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs por RA 1108/2020, de 17 de decembro de 2020, pola que se modifica a previa Resolución 1478/2019, de 27 de decembro de 2019, a relativa á xustificación e asunción por razóns de urxencia, en tanto non se realizará sesión ordinaria do Pleno ata o vindeiro 23 de febreiro de 2023, da competencia que corresponde ao Pleno para prestar aprobación ao proxecto en tanto non se proceda á habilitación do crédito orzamentario correspondente.

Advertida a incidencia descrita, manténdose as mesma razón de oportunidade e axilidade na tramitación da petición de axuda para os efectos de que poda ser presentada en tempo e forma segundo as bases da orde da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de 29 de decembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A) publicada no DOG núm. 13 de data 19 de xaneiro de 2023; ao abeiro do establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, do establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de abril, de Administración Local de Galicia, e DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e 144 e 147 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, por medio da presente **RESOLVO:**

Primeiro.- Emendar o erro padecido na Resolución de Alcaldía número 2023-0148, de 17 de febreiro de 2023 e de conformidade co establecido no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e por razón de urxencia dentro do prazo máximo marcado na Orde de convocatoria, prestar aprobación ao proxecto “Reparación y mantenimiento de parques infantiles del Concello de Mugardos” por importe de corenta e sete mil cento catro euros con sete céntimos (47.104,07 euros), deixando sen efecto o pronunciamento así formulado na indicada Resolución, debendo dar conta da mesma ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice para os efectos da súa ratificación, manténdose os restantes pronunciamentos da Resolución ditada por esta Alcaldía número nº 2023-0148 nos seus propios termos.

Segundo.- Dar traslado desta nova Resolución á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes xunto coa documentación complementaria que sexa necesario en consecuencia remitir.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución á Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente na primeira sesión ordinaria que se realice.”.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Intervén de seguido José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE que se remite ás consideracións realizadas xa no punto anterior da orde do día respecto da necesidade de que os proxectos sexan sometidos á consideración das respectivas Comisións Informativas. Así mesmo pregunta se finalmente se solicitou a axuda.

O Alcalde resposta que sí máis se trata dun erro de tramitación que aínda que o proxecto se tivera sometido a consideración de Comisión, produciríase igualmente.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por once votos a favor (4PP+4 EU-SON EN COMUN +3 PsdG-PSOE) e unha abstención (1 BNG), o Pleno de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o contido da Resolución de Alcaldía núm. 2023-0153 de 20.02.2023 ditada no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 225/2023.

10º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día pola secretaria dando lectura á dilixencia estendida con data 16.02.2023 que obra no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona PLN/2023/3:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola infantil Municipal “As Lagoas”.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, dándose traslado do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 213 de 10.11.2022, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección xeral da administración local da Xunta de Galicia, así como do texto íntegro do mesmo, e para os efectos do seu visado, ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social.

EXPEDIENTE 569/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2021 ao órgano de control externo, téndose remitido polo Consello de Contas de Galicia o resultado das comprobacións efectuadas.

EXPEDIENTE 2742/2022. RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE PRESTOU APROBACIÓN Á ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP, XUNTA DE GALICIA, DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO. RATIFICACIÓN, DE SER O CASO, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2023-0043, DE DATA 17.01.2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

EXPEDIENTE 2676/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2023”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”.

EXPEDIENTE 2812/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

11º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

AS NUMERADAS ENTRE O 2023-0050 AO 2023-0136..- Non se formula obxección ou comentario ningún.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

- José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE: solicita novamente que se contesten os escritos que presenta a veciñanza e agradece a atención do rogo presentado en previa sesión plenaria respecto da poda e corte das palmeiras municipais.

PREGUNTAS

Ignacio Fernández Fernández, concelleiro grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 21.02.2023 , número rexistro entrada 2023-E-RPLN-3):

“Pregunta del portavoz del Grupo PSdeG Ignacio Fernandez Fernandez dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejel del area correspondiente. El pasado 16 de julio se anunció en la voz de galicia la licitación de 180,000 euros en obras en o Baño y Beiramar. ¿cual es el estado de estas obras?”

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. Con data 05.01.2023 trasladouse información sobre a obra, levando a cabo de seguido un relato dos principais antecedentes. Decalrada deserta unha primeira licitación, preséntase proxecto correxido e no día de onte, encárgase a actualización normativa do proxecto así como a emenada no orzamento de 0,12 céntimos de euros.

En canto ás obras en Beiramar, tras a declaración de licitación deserta, presentouse un proxecto actualizado xa trasladado á Deputación provincial.

O concelleiro Ignacio Fernandez Fernandez xustifica a súa pregunta por canto os proxectos e o expediente evoluciona e nbon se da conta das diferentes visicitudes.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 21.02.2023 , número rexistro entrada 2023-E-RPLN-3):
“Recientemente se han retirado los contenedores soterrados del Cantón de Cora ahora están en superficie. Por otra parte los contenedores del puerto continúan averiados. Esta acumulación de contenedores en estas zonas de la Avda. Del Mar rompen la estética del muelle. ¿Cual es la actuación que tiene prevista el Gobierno Municipal para mejorar la imagen del muelle en relación a los contenedores del Cantón de Cora y para los del Puerto?”.

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. Hai problemas co subministro de pezas. Levan colocados dende o ano 2005 e as pezas son difíciles de atopar. Ao que se engade a unión das redes de pluviais e saneamento e por iso se decidiu retiralos e xa ahi outra propsota de ubicación do servizo de recollida do lixo e da Policía Local.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

E no porto é un problema de pezas xa que dende o ano 2005 non se efectuou mantemento ningún. Polo que naqueles casos nos que non hai pezas é mellor retiralos.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Matiza que tan so quere coñecer as posibles alternativas.

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. No porto en no mercado intentárase manter o emprazamento e no Cantón de Cora trasladáranse seguindo o criterio técnico.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 21.02.2023 , número rexistro entrada 2023-E-RPLN-3): “El pasado día 13 de febrero se celebró una reunión del Gobierno Municipal con los arrendatarios de los puestos del Mercado de San Telmo. ¿Pueden los grupos municipales conocer el motivo de la reunión?”.

Alcalde. Existía unha explicación pendente coas persoas titulares das prazas sobre o posible alcance do proxecto na que estivo presente o seu redactor. Así mesmo tratáronse outras cuestións adicionais sen transcendencia.

Sendo as vinte horas e vinte e sete minutos do vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e tres, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

